EXERCICIO PARA ENVIAR AO PROFESOR-TITOR DE FILOSOFÍA E CIDADANÍA

Composición filosofica sobre tema: *O Proxecto Gran Simio*

Redactar unha composición filosófica persoal, a modo de ensaio ou disertación breve (unhas dúas páxinas) con ese título. Trátase de exercitar a capacidade de exposición e argumentación sobre temas filosóficos, así como de estimular a investigación e reflexión persoal favorecendo unha aprendizaxe autónoma, dado que todos os demais exercicios e cuestionarios deixan pouco espazo para iso, polo seu carácter de autoavaliables.

Hai moitas formas e estilos de construír un texto persoal sobre un tema; pero ante todo debe ser unha exposición clara, rigorosa, coherente e ordenada. Para realizalo podes ter en conta as seguintes indicacións:

1) Empezar cunha breve *introdución*, onde se presente con claridade o problema e a súa importancia. Neste caso, a reivindicación de recoñecer dereitos básicos á algunhas especies animais, esixida por determinados colectivos, extendendo así a aplicación de certos dereitos humanos fundamentais a outras especies. O *Proxecto Gran Simio*, iniciado polo filósofo Peter Singer, xa chegou ao parlamento español en 2008.

2) *Desenvolvemento*: Será a parte máis extensa, que debe dedicarse a
   - delimitar con presición o problema e a súa actualidade,
   - expoñer con claridade as diferentes posicións ao respecto,
   - analizar críticamente os datos e argumentos das mesmas,
   - sinalar as consecuencias máis relevantes implícitas nas diferentes posturas.

3) *Conclusión*: A túa posición (tese) ante o problema debe quedar clara e estar apoiada en datos e argumentos anteriormente presentados, rebatindo outros contrarios.

Para realizar a composición deberás previamente buscar, recoller e seleccionar información sobre o tema en internet (e/ou noutras fontes). O filósofo español J. Mosterín ten escrito bastante sobre este tema (un dos seus libros titúlase *¡Vivan los animales!).* As palabras claves para orientar a busca pola rede poden ser: proxecto gran simio, dereitos animais, culturas animais…Podes atopar información interesante en es.wikipedia.org, www.filosofia.org, www.filosofía.net, entre outras moitas páxinas. As fontes utilizadas deberás citarlas ao final da composición.

Unha vez recollida e seleccionada a información, debes facer un esquema ou guión previo que che serva de guía e axuda para redactar a túa exposición definitiva.